

- Estou aprendendo moitas cousas neste bosque, Andreia. Xa non teño tanta prása por marchar a casa, aínda que si quero volver.

- E volverás Draco! Pero aínda che quedan algunhas cousas por aprender... Oh, está comezando a chover! Imos agardar a que pare, parece que soamente será un chubasco.

Andreia e Draco resgardáronse baixo unha árbore, pero axiña desapareceron as nubes e brillou un bonito arco da vella.

- Mira Draco! Saíu un precioso arco da vella, vense ben as súas sete cores... e tamén... vaia, mira quen ven por aí!

Draco dirixiu a mirada a onde sinalaba Andreia, e viu unha muller de ás douradas, que levaba roupa de moitas cores e se aproximaba voando ata eles.

- Bo día! Quedoume ben, non si? Hoxe fixen un bo traballo!

- Bo día Iris! Draco, preséntoche á responsable deste bonito arco da vella que estamos a ver: esta é Iris.

- Ola! Encantado de coñecerte! Gústame a túa roupa! Por que é tan colorida?

- Porque me gusta recordar a variedade de cores que hai no mundo, Draco -respondeu Iris- Sabes? Tamén todos os seres somos diferentes, como as cores do meu arco. Todos temos diferentes gustos, intereses, formas de falar... e iso fainos únicos e especiais. O importante é saber o que compartimos en común cos demais e tamén saber respectar o que é diferente. Vouche propoñer un xogo. Imos necesitar tres follas de nenúfar un pouco grandes...

Iris mirou ao seu redor ata que viu tres que lle pareceron apropiadas. - Así, estas valen-. Tocou dúas das follas, e cambiaron de cor: unha tornouse azul, e outra amarela. Deixou a verde en medio das dúas.

- Ben, xa está preparado. Agora, achegádevos! O que tedes que facer é moi sinxelo: trátase de saber que tedes en común, e para iso ides dicir por quendas cousas que vos gustan. Por cada cousa que teñades en común eu colocarei unha pequena folla no nenúfar verde, se só lle gustan a Andreia fareino no amarelo, e se só lle gustan a Draco, no azul. Empezas ti, Draco.

